

ANEXO DOCUMENTO: “COÑECE A FÓRMULA COOPERATIVA”

Modificacións da Lei de cooperativas como consecuencia da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Redución do número mínimo de persoas socias, que pasan de tres a dúas para todas as clases de cooperativas de primeiro grao.

Por este motivo, a partir de agora, xa se poderán constituír con dúas persoas socias cooperativas de traballo asociado, servizos, consumo etc. Convén destacar que non se inclúen as persoas socias a proba, excedentes ou colaboradoras.

Como se recolle na propia norma, este cambio normativo obedece ao espírito de simplificar a implantación de empresas colectivas en Galicia e axudar deste xeito a emprender especialmente baixo a fórmula da cooperativa de traballo asociado. Ponse fin así a unha limitación que viñamos atopando nalgúns proxectos que, malia seren viables, non se poñían en marcha porque só contaban con dúas persoas promotoras.

Esta reforma tamén se **aplica a todas as cooperativas constituídas**, polo que agora non será preciso cambiar de fórmula xurídica ao reducirse o número de persoas socias. Nestes casos **temos que revisar os estatutos** de cada entidade, xa que **pode ser necesario modificalos**. A priori, deberán adaptalos as cooperativas que teñan previsto un consello reitor de, como mínimo, tres persoas socias. En cambio, as que contan cun administrador único poderían non ter que modificalos.

Outros aspectos importantes das cooperativas que teñan dúas persoas socias son:

- a) Todos os **acordos sociais** que requiran maioría de persoas socias ou de votos deberán adoptarse co **voto favorable das dúas**.
- b) Poderán constituír o seu **consello reitor con só dous membros**, que, necesariamente, se distribuirán os cargos de presidencia e secretaría.
- d) O importe total das achegas de cada persoa socia ao **capital social non poderá superar o 50 %** deste, é dicir, as achegas totais das dúas persoas socias ao capital social deben ser de igual importe.
- e) A **cooperativa que permaneza máis de cinco anos con dúas persoas socias** terá que realizar unha **dotación adicional á reserva obrigatoria do 2,5 %** da súa cifra de negocio anual. Nestes casos, a maiores do que xa correspondería ingresar no fondo de reserva obrigatorio, deberá ingresar esta porcentaxe. É importante ter claro que a cooperativa pode estar nesta situación, con dúas persoas socias, por un tempo indefinido. En relación a cuestión da contratación de traballadores por conta allea, mantén as mesmas limitacións que ata o momento.

Outro cambio que trae esta reforma refírese á **cooperativa de traballo asociado xuvenil**, xa que poderá realizar todos os actos de inscrición, desde a constitución á extinción, en documento privado lexitimando as súas sinaturas ante o rexistro de cooperativas, sen a necesidade de asistencia dun notario ou notaria.